



IRIMIA

SEMANARIO DE CRENTE GALEGOS

Nº 165 – 30 Decembro 1984



-POIS NON LLE VEXO A GRACIA.

A PENEIRA



TEMPO DE FAVORES E PADRIÑOS

Está visto que neste país noso non nos damos despegado dos vellos andaios que nos teñen medio afundidos. En deles, un deses vellos costumes que paga a pena eliminar é o enchufismo.

Certo que temos tradición nese ido. Certo que o caciquismo é tan vello acó coma o caldo de nabizas. Pero ese enchufismo do que falamos é o xeito moderno de caciquear. Non hai beneficio, non hai posto de traballo, non hai título ou emprego no axuntamento, na Diputación, na Xunta que quede últimamente fóra de sospeita. Chega información de tódalas partes: mestres contratados de interino de forma irregular; altos funcionarios eliminados a dedo de postos acadados por escalafón (casos de Sánchez Castiñeiras na Sanidade de Lugo e Felipe Arias no Museo Provincial); plazas convocadas tarde e mal e obrigados por Madrid para postos de educador nos Colexios da Obra de Protección de Menores en Galicia; ...

E detrás de toda esta manobra sempre unha sombra: a da "todopoderosa" Alianza Popular. Todo para estes "señores" de Galicia é cuestión de favor ós amigos.

Así e todo, con este panoram diante, quixéramos desexar a Galicia un ano novo libre de enchufes na nosa Terra. Ninguén nos ha privar desa arela. E con estes datos facemos a tódolos galegos honestos un chamamento para seguir na causa da transparencia, da honradez nas personas e nas institucións. Anque venderse sexa máis doado.

A PAZ ESCOMENZA POLA XUSTICIA, por iso as nacións americanas que falan portugués e castelán son un permanente polvorrín a piques de estalar, e non é extraño, pois o dez por cento das súas familias recreáanse co 44 por cento dos ingresos, e perto de cento vinte millóns de pobres subsisten malamente.


OS REFUXIADOS POLITICOS son o pan de cada día. Dous mil vietnamitas fuxen cada mes en inxeles barcas escapando sempre dos piratas que os funden. A Honduras xa chegaron trinta mil refuxiados, e noventa mil guatemaltecos escaparon para México. En Africa cóntanse uns cinco millóns de refuxiados, moitos nos países da fame.

120 BILLONS EN ARMAS foi o que gastouse no mundo en armas no oitenta e tres, e mentres tanto, cen mil persoas morren cada día de fame. Os países máis fortes consólanse mandando ós pobres só un trinta con sete por cento do que gastan nun ano en armas.

O PRIMEIRO CENTRO PARA DISMIS- NUIDOS escomenzou a funcionar en Lugo, rexido polas "monxas da Caridade". Seguindo un estudo do oitenta e un, a metade dos hospitais españois teñen algunha presenza da Igrexa no seu servizo.

CONTADORA cumple estes días o segundo aniversario, na súa teima de acadar a paz en Centroamérica, a pesares da resistencia de países coma USA que non se percatan do esforzo dos membros de Contadora: México, Panamá, Venezuela e Colombia.

A COMUNIDADE CRISTIANA DO "HOME NOVO" da Coruña, celebra tódolos domingos a Eucaristía en lingua galega na Praza dos Anxos da Coruña ás 13 h. animada pola coral Stella Maris e polo crego Manuel Espiña. Son uns entusiastas de IRIMIA Hai pouco fixeron unha colecta para o Semanario e mandáronnos 20.400 pesetas. Graciñas.



Festa da Sagrada Familia

PRESENTACION DO NENO XESUS

Cando chegou o tempo da purificación neno, conforme á Lei de Moisés, levaron o neno a Xerusalén, para llo presentaren ó Señor. (...)

Vivía naquel entón en Xerusalén un home xusto e piadoso, chamado Simeón, que agardaba a restauración de Israel. O Espírito

Santo que estaba con él, tínalle prometido que non morrería antes de ver ó Unxido do Señor.

Movido polo Espírito, foi ó templo e, cando entraban os pais do neno Xesús para cumpriren o mandado pola Lei do Señor, el, colléndoo nos brazos, louvou a Deus dicindo:

Agora podes, Señor, seguindo a túa promesa, despedir en paz ó teu servo, porque xa os meus ollos viron ó teu Salvador, o que preparaches para tódolos pobos;

luz de revelación para os xentís e gloria do teu pobo Israel.

O seu pai e maila súa nai ficaron abraidos polo que tal dicía do neno. (...)

Cando remataron todo o ordenado pola Lei do Señor, volvéronse para Galilea, á vila de Nazaret. O neno medraba grande e forte, e cheo de sabiduría; e a gracia de Deus estaba con el.

(Lucas 2, 22-40)

FELICES OS VELLÓS

*Que non nos falten os vellos, Señor,
que non falten os vellos.*

*Felices os vellos,
cheos da forza de Deus,
que sempre, desde nenos,
se deixaron guiar por...
feliz a casa
que os criou e que os recolle;
feliz a parroquia
que os conta na súa veciñanza,
feliz a comunidade
que os ve nos seus asentos.*

*Felices os vellos
que ó longo de moitos anos
souberon manter acesa
a esperanza dun pobo,
e non aforraron esforzos
para ir facendo real esa esperanza;
felices os novos
que herdaron a súa fala;
felices os nenos
que escoitan as súas historias;
felices as terras
feitas fecundas coa súa suor.*

*Felices os vellos:
¡que fermosas as súas caras enrugadas,
os seus lombos dobregados,
as súas mans incertas,
a súa fala entrecortada,
o seu andar dubidoso,
a súa cabeza descuberta,
as súas canas resecas,
o seu corpo canso e engurrado!*

*Que non nos falten os vellos, Señor,
que non nos falten os vellos.*



TERRA E
GUIEIROS DI

ANTON LOUSADA

Desde estas páxinas de IRIMIA despedimo-lo a
porque neste ano que se acaba cúmplense os 100 anos
vo nacionalista é para nós un dos grandes guieiro
con máis pulo novo ar

UN MESTRE DE GALEGUISTAS

“Non teño coñecido persoaidade de semellante forza suxestiva”, chantanos Otero Pedrayo no “Libro dos Amigos”. Indudablemente este home case descoñecido por non ter deixado apenas obra escrita, foi *clave* no galeguismo do seu tempo, sen dúbida o máis florecente de tódolos tempos.

Naceu en Moldes (Carballiño) en 1884, fillo de familia fidalga de clara tendencia carlista. Estudou en Deusto (Bilbao) e Madrid Filosofía e Letras e Dereito e gañou as oposicións de Cadeiradego de Filosofía de Instituto en 1913, despois de pasar brevemente pola Universidade de Santiago coma profesor. Estivo en Ourense algún tempo onde coñeceu ós Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, etc. *ós que trouxo ó galeguismo*, cousa como se sabe de gran importancia pola repercusión destes homes fundamentáis no pensamento galego. Por entón Vilar Ponte funda as Irmandades da Fala, primeiro movemento de masas cultural de carácter galeguista. Lousada e mailos seus conversos responden á chamada e empezan a colaborar na “Nosa Terra”, órgano das Irmandades.

Pero nestes intres Lousada cambia para Pontevedra a súa vida e dalí xa non volverá a saír ata a súa morte en 1929. Alí de seguida entra a formar parte da andaina de Castelao, Bóveda e outros, facendo a súa casa un trasego de amigos e discípulos, sempre dirixindoo cara a causa común: Galicia.

UN HOME DE ACCION

Entra na política e sae deputado provincial loitando pola Mancomunidade das Diputacións de Galicia, cousa que non acadarían debido á acción de Calvo Sotelo desde Madrid. Funda con outros o Orfeón de Pontevedra do que formará parte. Como católico participa na Acción Católica. No ano 1920 colabora na tan impor-

tante revista “Nós”, q
xeneración. Participa
e consolidación do Se
gos.

Con todo Lousada
tre; por iso Otero o ch
tades”, “apostol de xu
nández del Riego calif
conciencia galega na
Calero fala do seu lab
ser un home que en v
esquemas preconcebido
existencia; cecais por
“a súa semente anda
Pero o seu labor foi d
e protagonismos egocén

Hoxe o chamarían
vista comprometido”,
ña unha fonda raigami
rior típica de grandes h
fala das súas escapada
escoitar a música prin
Fernández del Riego
silencio e de mar, anc
camiños esquecidos. Ha
te ensimismado, de hor
son os libros da natu
igoalmente reflexada n
do se ía para Moldes
os oficios da Semana S
tre o silencio da camp
xe homes así!

Escrebeu varios cor
e nun pequeno ensaio
profunda do galeguis
cionalismo.

A súa morte causo
Galicia, constituindo
de duelo.

XENTE E GALICIA:

DIEGUEZ (1884 - 1929)



ano honrando a un gran galego, Antón Lousada Diéguez,
os do seu nacemento, e porque como fondo cristián e acti-
os de Galicia, desa Galicia que temos que enfortecer
no 1835. Que o fagamos bó.

que lle dará o nome á súa
decididamente nas orixes
eminario de Estudos Gale-

a foi sempre todo un mes-
noma "descubridor de von-
aventures"; Francisco Fer-
fícao como "recreador da
xente moza". E Carballo
por "socrático". Debeu de
vez de esclavizar en catro
dos, creaba espazos de
iso Vilar Ponte dixo que
mesturada en todos nós".
calado e sen espectáculos
ntricos.


mos un "incansable acti-
pero o seu activismo ti-
a nunha fonda vida inte-
homes. Así Otero Pedrayo
as á ribeira do Avia para
maveral dos reiseñores, e
escribe: "Sente fame de
ceio de verdade, cobiza de
lai nel un aire de camiñan-
ome, cujos mellores amigos
areza e o caído". Cousa
na súa vida relixiosa, can-
a súa aldea nadal- a rezar
Santa co crego do lugar en-
fa. ¡Que falta nos fan ho-

ntos de gran sensibilidade,
o titulado "A significación
no" profesa un claro na-

ou un fondo pesar en toda
unha gran manifestación

A RELIXIOSIDADE DE ANTON LOUSADA DIEGUEZ


Este importante mestre de tantos ga-
leguistas, amante coma poucos da nosa
Terra, foi un namorado do Evanxelio e
un bo cristiano. Del di o gran escritor
Otero Pedrayo: "Lousada sentía que a
función histórica do catolicismo tiña que
ser dinámica (activa e con forza) e rexe-
neradora. No problema de Galicia coida-
ba esencial e guiadora a ensinanza do
Evanxelio... Consideraba impía e falsa a
idea dun catolicismo acatado coma garda-
dor dunha orde social determinada. Por
iso non fuxía das experiencias novas que
levaban un ideal de xusticia".



Porto Cubelo

16/1/74

PARABOLAS



QUEN SON EU

O namorado chegou á porta da súa amada. ¿Quen é?, preguntou a amada desde dentro. "Son eu", dixo o namorado. Pois daquela vaite, porque nesta casa non cabemos ti e mais eu".

O rexeitado amante foise ó deserto, onde estivo meditando durante meses, considerando as palabras da amada. Por fin regresou e volveu pechar a porta. "Quen é", preguntaron desde dentro. "Són ti", dixo o namorado.

E a porta abriuse de contado.

RICOS

O home di: "Sabes, queridíña? Vou traballar duro e algún día seremos ricos".

A muller contestou:

"Xa somos ricos, amiguiño.

Nós temos un ó outro.

Poida que algún día tamén teñamos cartos".



BERRAR PARA QUEDAR A SALVO

Unha vez chegou un profeta a unha cidade coa finalidade de converti-los seus habitantes. Ó primeiro a xente escoitábao cando falaba, pero pouco a pouco fóronse arredando, ata que non houbo ninguén

que escoitase as palabras do profeta. Un día un viaxante díxolle ó profeta:

"¿Por que sigues predicando?"

"¿Non ves que a túa misión é imposible?"

"E o profeta respondeulle:

"Ó Primeiro tiña a esperanza de os poder cambiar.

Pero se sigo a berrar agora é nada máis para que me cambien eles a min".

Invitamos ós lectores desta páxina de IRIMIA a que escriban a XOSE MANUEL CARBALLO, autor dos contos que aparecen aquí normalmente, inmovilizado nunha cama da Residencia da Seguridade Social de Lugo, habitación 332 para varios meses. Podedes mandarlle contiños e parábolas que suplan a súa forzada ausencia aquí. E que lle axuden a levar o seu mal.

Δ CARON do LUME

TV: OS MARXINADOS

Os luns, ás dez e media da noite, Carmen Sarmiento preséntanos o programa "MARGINADOS" do que ela é directora. Estremece a calquera que teña un mínimo de sensibilidade, o contempla-las imaxes tremendas, aterradoras, deses submundos de xentes, nos límites últimos da subsistencia, nun horror de fame e de miseria. ¿Ou xa de tanto ver esas cousas non nos estremecen? ¿Será que xa nos afixemos tanto a ver e oír calamidades, que nos deixan fríos, coma se non ocorresen nesta pequena bola, coma se non fosen con nós e eses seres non tivesen os mesmos dereitos, desexos e ilusións ca nós? (Non digamos xa irmáns nosos, que soaría a escarnio).

Pero deixando iso a un lado, paréceme que ese programa -sen mexar auga bendita, máis ben o contrario- é un programa que presenta unha interpelación cristiá máis forte ca tódolos demais, mesmo relixiosos, que nos dan a tele ou a radio.

Despois de ver estas escenas espantosas, e se admitimos que a quintaesencia da relixión é o amor concreto ó irmán necesitado e que toda relixión empeza ou remata por aí, hai que te-la sinceridade de preguntarse: ¿que ten que ver con todo iso, poño por caso, o programa da Misa dos domingos pola mañá, esa cousa tan refeitíña, tan abstracta, etérea e burguesa, en que nada se di que interpele, que teña que ver coa crúa realidade deste noso mundo de hoxe? ¿E non estarían aquí as verdadeiras "Últimas

preguntas" (mércores pola noite), e non as que a sí mesmo se fai Martín Patino no seu programa dese nome?

Desde esta óptica explícase que os teólogos e pensadores que viven neses ambientes se deixen de tanta leria e descubran a Teoloxía da Liberación, de compromiso real, non só de labia, cos necesitados e desposuídos. Cousa que desde a burguesa Europa ou Norteamérica, coa barriga ben chea, o frigorífico, o vídeo, etc. non se entende, claro. E o peor é que se trate de xustificar.

Eses programas son ademáis unha forte crítica a esta nosa cultura de consumo, que nos invita a consumir e consumir cousas cada vez máis innecesarias. Dá arrepío, despois de ver a esa xente morrer de sede, ir coller un refresco á nevera. Cantas cousas de sobra e mesmo perxudiciais nos rodean a cotío...

Para máis "inri", polo visto, os turistas -que non teñen, de seguro, problemas para sobrevivir- dedícanse a explotar esa mesma miseria (ver cómo se lle regatean uns centavos polo último obxecto persoal que lle queda a un desgraciado, non ten nome) e a acentua-la agonía desas culturas, coa contaminación das lacras occidentais, coma o alcohol, que acaba por destragar de todo os seus corpos indefensos.

Todo un panorama, sen dúbida, pero tamén toda unha interpelación para calquera ser humano, non digamos para os que cremos en Xesús e na súa mensaxe de amor ó irmán.

Antón Miramontes

CANTAR DO IRINEGO

Tanguen a felicidade
campás de televisión :
obrigan a ser felices
hai que estoupar de emoción.

A ledicia destes días
hai tempo está programada,
se ti non entras no xogo
é que non entendes nada.

O señorito da vila
que sempre que pode, traba,
bicou ó Neno Xesús
deixándolle alí a baba.

Mentres nacía o Neno
nun alboio de Belén,
os sacerdotes do templo
vivían a todo tren.

Coa tal reconversión
vannos dar gato por lebre:
e que os obreiros parados
vaian buscando pesebre.

Reagan hoxe está feliz
e inda o ateo Chernenko:
turrán porque son turróns
e o mundo segue tan trencó.

A FALA É CAMIÑO

NON, NON
Se vos decatades, o segundo *non* pronúnciase de xeito diferente ó primeiro, ata o punto de que, aínda que se escribe por separado *non* e *o*, na fala axúntanse; "nono". ¿Que é o que sucede?

Pois que son dous N diferentes: o primeiro é un N *velar*, é dicir, que se pronuncia levando a lingua contra o veo ou ceo do padal. Tódolos N finais de palabra son en galego velares: *corazón*, *ben*, etc. Pero en *non* o *fa-gas* pasa de ser N *velar* a N *alveolar*.

¿Moi complicado? Trata, logo, de pronuncia-la palabra *nena* e verás que a tua lingua bate contra os alveolos, que é esa parte da boca na que están chantados os dentes de enriba.

Se segues a face-la comedia coa lingua e atópa-la palabra *unha*, verás

O FAGAS
que a túa lingua sobe e tende a bater contra o veo do padal. Iso se es galega ou galego, porque se es castelá ou castelán vaiche ser máis difícil pronunciar así.

Por iso, a palabra *inhumano* é pronunciada por un castelán como se non tivese H intercalado (N alveolar) e un galego faino dun xeito distinto (N *velar* "in-humano"). Se un castelán di a palabra "anhelo" (desexo ou aneio) nós podemos entender *anelo* ou *anel*, ese aro de metal máis ou menos nobre que se pon no dedo cando un está casado, é bispo ou, simplemente, por adorno. Ou para cambiar de dedo cando ten que lembrar algo.

CONSULTAS:

Rúa do Vilar, 37-39, 2º. Santiago

EDITA: "Asociación IRIMIA"
DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Lagoa-Abadín (Lugo)
RESPONSABLES: Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé-Antón Miguélez,
Xosé-Manuel Carballo, Daniel López Muñoz, Pepe Chao e outros colaboradores
EDICION e DISTRIBUCION: Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Coruña).
PEDIDOS e ADMINISTRACION: Apdo. 5, Villalba (Lugo), Tno. 982-510487
Conta na Caixa de Aforros de Villalba, n. 04950/0
DEPOSITO LEGAL: C-1417-81

PRECIO: TRES PESOS